



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE SQUASH, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN CORRESPONSABLES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Jorge Rubén Sampedro Grande, subdirector xeral de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral para o Deporte formalizou coa Federación Galega de Squash instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 28 de maio de 2022 ao 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Squash co fin da realización por esta, das funcións e cometidos que, conforme á *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia*, se indica no artigo 40 e concordantes da norma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Colaborar cos gastos ocasionados con motivo do desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación socio deportiva, habilitando servizos de coidados profesionais e fomentando, á vez que a práctica deportiva, a adquisición de hábitos de vida saudable a través da mesma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

